



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Investigación de mercados turísticos

Materia	Investigación de mercados turísticos			
Código	004G240V01602			
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Fraiz Brea, José Antonio			
Profesorado	Fraiz Brea, José Antonio			
Correo-e	jafraiz@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Proceso de investigación comercial no sector turístico.			

## Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Habilidades no manexo das TIC para a procura e uso da información
B2	Ser capaz de analizar, sintetizar e administrar datos derivados das observacións usando os fundamentos técnicos cuantitativos e de predición
B3	Capacidade para interpretar criticamente datos e texto
B7	Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual
B8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado
B10	Capacidade para tornar un problema empírico en obxecto de investigación e elaborar conclusións
C9	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto das técnicas básicas de investigación e perspectiva en materia turística.
C10	Analizar e avaliar os impactos xerados polo turismo
C12	Comprender o comportamento das persoas en empresas turísticas e aplicar as técnicas e métodos de dirección de persoal
D1	Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos
D2	Compromiso ético
D3	Creatividade

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Identificar os principais estudos e fontes de información e investigación no ámbito turístico	A1	B2	C9
	A3	B3	

Ser capaz de realizar unha investigación de mercados para axudar á toma de decisións empresariais	A2	B1 B9	C10	D1
Comprender o comportamento das persoas en empresas turísticas e aplicar as técnicas e métodos de dirección persoal	A2	B8	C12	
Adquirir habilidades no manexo do TIC para a procura e aproveitamento da información	A4 A5	B1		D3
Ser capaz de analizar, sintetizar e xestionar datos derivados das observacións usando os fundamentos técnicos cuantitativos e de predición	A3	B2 B3	C12	D2
Deducir o funcionamento das organizacións turísticas e ferramentas e instrumentos de saída	A1	B2	C9	
Comprender a contorna en que operan as organizacións turísticas	A3	B7 B10	C10	D1

## Contidos

Tema	
Tema 1.- A INVESTIGACIÓN COMERCIAL NO SECTOR TURÍSTICO.	1.1. A investigación comercial como ferramenta de obtención de información. 1.2. Concepto de investigación comercial. 1.3. Os suxeitos da investigación comercial no sector turístico. 1.4. Áreas de investigación comercial no ámbito turístico. 1.5. Técnicas de investigación comercial na contorna turística. 1.6. Consideracións éticas.
Tema 2.- O PROCESO DE INVESTIGACIÓN COMERCIAL.	2.1. Fases do proceso de investigación comercial. 2.2. Fontes de erros no proceso de investigación comercial.
Tema 3.- SISTEMAS DE INFORMACIÓN DE MERCADOTECNIA EN ORGANIZACIÓN TURÍSTICAS.	3.1. Concepto, estrutura e funcionamento. 3.2. Fontes de información secundaria no ámbito turístico. 3.3. Fontes de información primaria na contorna turística. 3.4. Novas tecnoloxías e sistemas de información de Mercadotecnia en organizacións turísticas.
Tema 4.- Os ESTUDOS DE MERCADO TURÍSTICOS.	4.1. Os estudos de mercado na contorna turística. 4.2. Identificación do problema e obxectivos de estudo. 4.3. Deseño xeral da investigación. 4.4. Recolección, tabulación e análise de datos. 4.5. Preparación de conclusións e informe.
Tema 5.- O CUESTIONARIO NOS ESTUDOS DE MERCADO TURÍSTICOS.	5.1. Características básicas. 5.2. Tipoloxía de preguntas. 5.3. Redacción e ordenación. 5.4. Proba piloto e corrección de problemas.
Tema 6.- ESCALAS DE MEDICIÓN NO SECTOR TURÍSTICO.	6.1. Medición e escalas. 6.2. Escalas de medida. 6.3. Escalas de actitude. 6.4. Outras tipoloxías de escalas de medida.
Tema 7.- MOSTRAXE EN MERCADOS TURÍSTICOS.	7.1. Concepto de mostraxe. 7.2. Determinación do tamaño da mostra. 7.3. Método de mostraxe.
Tema 8.- PREPARACIÓN DOS DATOS PARA A ANÁLISE DE DATOS TURÍSTICOS.	8.1. Etapas no proceso de preparación dos datos. 8.2. Codificación. 8.3. Creación do ficheiro. 8.4. Análise de consistencia. 8.5. Ponderación do ficheiro.
Tema 9.- ANÁLISE ESTATÍSTICA DOS DATOS TURÍSTICOS: CONCEPTOS E PROCEDEMENTOS XERAIS.	9.1. Técnicas de análises de datos: Conceptos básicos e clasificación. 9.2. Procedementos xerais para a selección das técnicas e variables na análise de datos. 9.3. Análise dunha variable. 9.4. Análise de dúas variables. 9.5. Análise multivariable.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Aprendizaxe baseado en proxectos	45	90	135
Seminario	5	8	13
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

Descrición
------------

Aprendizaxe baseado en Lección maxistral. Análise e debate de casos prácticos. Traballos individuais e traballos en equipo. proxectos

Seminario Explicación das directrices para os traballos individuais e en grupo. Resolución de dúbidas de contidos teóricos e de exercicios prácticos.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Orientacións para o desenvolvemento dos traballos. Resolución de dúbidas.

### Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Aprendizaxe baseado en proxectos	80	A1 B2 D1 A2 B3 D2 A3 B7 D3 A4 B8 A5 B9
Resolución de problemas e/ou exercicios	20	B1 C9 D3 B10 C10 C12

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Débase superar, indistintamente, cada unha das dúas partes: teórica (a través do exame final), ou práctica (a través da avaliación continua mediante o traballo en grupo ou a través do exame final). É dicir, esíxese un mínimo do 50% en cada unha das partes para poder facer media coa outra parte. No caso de que o estudante non opte pola avaliación continua, éste terá que realizar unha proba escrita. Dita proba comporase de tres partes: test; preguntas curtas e de desenvolvemento; resolución dun caso práctico. A duración da proba será de noventa minutos. En segunda convocatoria, manterase o procedemento de avaliación anteriormente descrito. As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2020-21. En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU. Condutas inadecuadas, contrarias e prexudiciais á convivencia, poderán ser sancionadas coa perda do dereito á avaliación continua por parte do estudante responsable.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

PEDRET, R. y OTROS, **La investigación comercial como soporte del marketing**, 1, Deusto, 2000

LÓPEZ, J.M y LÓPEZ, L.M., **Manual de investigación de mercados turísticos**, 1, Pirámide, 2015

#### Bibliografía Complementaria

ÁLVAREZ, R., **Principios de investigación del mercado turístico**, 1, Corditur, 2004

BIGNÉ, E.; FONT, X. y ANDREU, L., **Marketing de destinos turísticos**, 1, ESIC, 2000

SANTESMASES, M., **DYANE: Diseño y análisis de encuestas**, 4, Pirámide, 2009

FERNÁNDEZ NOGALES, A., **Investigación y técnicas de mercado**, 1, ESIC, 2002

TRESPALACIOS, J.A.; VÁZQUEZ, R. Y BELLO, L., **Investigación de mercados**, 1, Thomson, 2005

### Recomendacións

### Plan de Continxencias

#### Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

### === ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

#### \*Metodoloxías docentes que se manteñen

Para o curso 2020-2021, as metodoloxías docentes serán as mesmas no tres escenarios. A única adaptación que cabe resaltar, é a relativa ao seu modo de execución. No posible escenario de ensino mixto ou semipresencial, as metodoloxías levarían a cabo de modo presencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensino a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse á unha modalidade de execución virtual.

#### \*Metodoloxías docentes que se modifican

Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

#### \*Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de tutorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual dos docentes, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a tutorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

#### \*Modificacións (procédese) dos contidos a impartir

Non hai modificacións nos contidos a impartir.

#### \*Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe

A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

#### \*Outras modificacións

Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademáis da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase así mesmo o uso da plataforma de teledocencia Faitic como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

### === ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente común.

#### \*Probas pendentes que se manteñen

Todas as probas propostas na guía docente para as próximas convocatorias, mantéñense en calquera do tres modalidades de ensino previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, mantéñense, tanto para o alumnado asistente, como para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensino mixto ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Si non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual, ou se realizarían exclusivamente de forma virtual.

Si a situación é de ensino a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

#### \*Probas que se modifican

Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, excepto no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que leve a cabo a docencia.

#### \*Novas probas

Non se prevén novas probas de avaliación.

#### \*Información adicional

Non hai

---